

TAREFA PRÁCTICA EXAME PAU. PUNTUACIÓN 1.5 PTOS/

FILOSOFÍA E FUNCÍONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE.

Traballa Vostede como autor/a para unha web de divulgación de contidos filosóficos chamada “Pensando onte para hoxe”. A directora de contidos remítelle o artigo 1 da *Declaración Universal de Dereitos Humanos* para que Vostede prepare unha entrada na páxina web acerca da base ética dos dereitos humanos. Vostede lembra ben a filosofía moral kantiana, a súa concepción da *razón práctica* e o *deber moral* e as súas formulacións do *imperativo categórico*, así como tamén a súa soada cita: «Os seres racionais chámanse *persoas* porque a súa natureza distíngueos xa como fins en sí mesmos, isto é, como algo que non pode ser usado meramente como medio». Relacione isto co documento facilitado pola directora de contidos e faga a entrada que lle piden na súa web co título: «Unha fundamentación ética dos Dereitos Humanos». Extensión máxima: 20 liñas.

Documento: ARTIGO 1 D.U.DD.HH.

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.

RESUME (ABSTRACT)